

CAMIÑO ÁS AULAS

Vieiros escolares seguros



Concello de Lugo

Concellería de Educación
e Difusión do coñecemento

Estimadas familias:

Dende a Concellería de Educación e Difusión do coñecemento de Lugo presentámosvos o proxecto piloto de vieiros escolares seguros "Camiño ás aulas".

Para que o facemos:

Somos conscientes dos problemas que se xeran no entorno dos centros escolares vinculados co traxecto ao colelio en coche: por unha banda problemas de tráfico, dado o elevado número de vehículos que se xuntan nun curto espazo de tempo; por outra parte o incremento do sedentarismo en idades más temperás. Non menos importante é a conciliación, coincidindo en moitos casos a hora de entrada das crianzas no colelio co horario laboral, o que xera estrés nos adultos, que rapidamente se traslada ás nenas e nenos.

Que facemos:

Como ben teredes observado, nos últimos tempos puxemos no entorno dos colexios medidas destinadas ao calmado do tráfico, para así mellorar a accesibilidade e a seguridade das persoas que camiñan. No voso centro en concreto, estase a executar a peonalización nunha parte da rúa Gallego Tato, quedando en moi pouco tempo á vosa disposición unha zona segura e agradable á porta do colelio.

Nesta segunda parte que agora estendemos ao Luís Pimentel, imos incentivar que as nenas e nenos utilicen eses camiños, para o que proporcionaremos monitoraxe de acompañamento nunha ruta con saída en R/ Manuel María (xunto o aparcamiento disuasorio) ás 8:30, baixada por esa mesma rúa ata a Avenida da Coruña (esquina farmacia lavandeira) ás 8:40, para continuar por esta ata o Boulevar Norte ás 8:50, subindo por este e pola R/ Lavandeira e chegando ao centro pola parte alta de Gallego Tato. Os puntos de quedada, os traxectos e as paradas no camiño acomodaranse un pouco en función da demanda, podendo variar mínimamente, sobre todo os primeiros días. Esta ruta de acompañamento comezará o día 17 de abril.

Quen pode participar:

O proxecto destinarase a nenas e nenos de 5º e 6º de primaria e farase para os **traxectos de chegada ao colelio**. Se este alumnado ten irmáns más pequenos, pero suficientemente autónomos, tamén poderán participar.

Deste proxecto tamén poder facer parte nais e pais que queiran facerse acompañantes e cambiar o vehículo particular polo hábito de camiñar.

Para participar haberá que estar no punto de encontro á hora fixada contando coa vestimenta e calzado axeitado para a camiñada, tendo en conta as condicións climáticas de cada día.

Asinado: Felipe Rivas Jorge
Concelleiro Educación e Difusión do coñecemento